

## Información das sesións lectivas semanais

1EP

Semana 20-24 de maio de 2024

O titor Javi colleu unha baixa laboral. Non estamos seguros pero prevemos que non volverá no que queda de curso.

### LUNS 20 de maio

- [Matemáticas.](#)  
Substituíu o mestre Rubén. Fixeron a asemblea e repasaron contidos (números, sumas e restas) de matemática.
- [L. Galega.](#)  
Substituíu a mestre Laura. Foron á biblioteca: devolveron libros e colleron outros. Posteriormente fixeron lectura.
- [Música:](#)  
Acompañamento de [canción](#) con percusión corporal e posteriormente con boomwhackers.
- [C.Sociais:](#)  
Nesta sesión, tivemos a celebración do Día das Letra Galegas, coa actuación para todo o alumnado no patio de Cé Orquestra Pantasma.
- [L.Castelá:](#)  
Continuaron coa celebración do Día das Letra Galegas, coa actuación para todo o alumnado no patio de Cé Orquestra Pantasma e xogo libre.

### MARTES 21 de maio

- [Matemáticas.](#)  
Substituíu a mestra Mercedes. Fixeron a asemblea, unha actividade de árbore xenealóxica e exercicios de matemáticas de restas para calcular diferencias de idade na familia.  
Ficha de resolución de problemas.
- [C.Naturais.](#)  
Substituíu a mestra Karla. Traballaron obxectos de materiais concretos, con plastilina (exemplo: se escollían o material madeira, elaboraban coa plastilina mesas, cadeiras, armarios...).
- [Relixión:](#)  
Realizaron actividades sobre a Virxe María a través de debuxos, unha canción e xogos.
- [L. Castelá:](#)  
Substituíu a mestra Patricia. Caderno sílabas inversas.
- [Plástica:](#)  
Substituíu a mestra Patricia. Día da [Diversidade Cultural](#). Ficha para colorear.

## MÉRCORES 22 de maio

### Primeiro día coa nova titora, Amelia.

- [Matemáticas.](#)  
Realizaron a asemblea e técnicas de relaxación. Posteriormente, en matemáticas continuaron coa ficha sobre resolución de problemas.
- [Inglés.](#)  
Repasamos as dúas sesións anteriores sobre hábitos saudables (comida saudable e actividade física) para elaborar un guión para ir a gravar á radio o venres.
- [L.Galega:](#)  
Tarefa do libro de escritura.
- [E.F:](#)  
Fixeron actividades e xogos de coordinación óculo-manual.
- [C.Naturais:](#)  
Actividades sobre reciclaxe. Xogo “Reciclar basura en educaenvivo”.

## XOVES 23 de maio

- [Matemáticas.](#)  
Fixeron a asemblea e técnicas de relaxación e traballaron cálculo mental e problemas de resta.
- [L.Galega:](#)  
Traballaron no libro de Lingua a actividade “Na casa rural” e estudaron o vocabulario relacionado.
- [L.Castelá:](#)  
Ficha de caligrafía e repaso de letras.
- [C.Naturais:](#)  
Actividade sobre os materiais e obxectos que nos rodean para relacionar entre si.
- [E.F:](#)  
Actividades e xogos de coordinación óculo-manual.

## VENRES 24 de maio

- [Obradoiro sobre alimentación saudable.](#)  
Actividade para toda primaria, dividida por ciclos.  
Ó volver á clases, traballaron as restas con materiais manipulativos e fixeron resolución de problemas, no libro de matemáticas.
- [Inglés:](#)  
Sesión de gravación no estudio de radio sobre os hábitos saudables. Compartiremos o audio a semana que vén.
- [C.Sociais:](#)  
Ficha sobre as características específicas dos materiais e obxectos (transparencia, resistencia, etc).